

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

Criterios Xerais de Avaliación. Curso 2022-23

1. *A proba de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II constará de seis exercicios:*
 - *Exercicios 1 e 2 correspondentes ó bloque de Álgebra.*
 - *Exercicios 3 e 4 correspondentes ó bloque de Análise.*
 - *Exercicios 5 e 6 correspondentes ó bloque de Probabilidade e Estatística.*
2. *O alumno terá que escoller e realizar un máximo de tres exercicios, que terán unha valoración máxima de 3,33 puntos cada un. Se o alumno realiza máis de tres exercicios, só se terán en conta os tres primeiros que realice.*
3. *A puntuación global de cada exercicio distribúese en fraccións de punto, dependendo dos pasos intermedios para chegar ao resultado final. Deste xeito, os exercicios parcialmente resoltos ou con resultados incorrectos, poden acadar unha puntuación determinada dependendo do seu desenvolvemento.*
4. *Nas follas do exame deben figurar as operacións e cálculos necesarios para a resolución de cada exercicio. Todas as respostas estarán debidamente xustificadas, xa que se só se achega a solución sen ningún tipo de explicación, terá unha puntuación de cero puntos.*
5. *Permitirase o uso de instrumentos de debuxo e de calculadoras científicas que non sexan programables e que non teñan capacidade gráfica.*
6. *Xunto coa proba facilitarase a táboa da distribución normal.*
7. *Non se facilitarán fórmulas de ningún tipo.*
8. *No desenvolvemento dos exercicios valoraranse os seguintes aspectos:*
 - *A exposición ordeada e razoada e a coherencia da resposta.*

- *A capacidade de análise e de síntese.*
- *A utilización dunha axeitada terminoloxía e notación matemática.*
- *A facilidade e precisión na realización do cálculo.*
- *A correcta contextualización das respostas ás preguntas do exercicio.*

9. *Non se valorará o estudo dunha función elemental ou dunha función definida a anacos se para elo constrúe a súa gráfica baseándose soamente nos puntos obtidos a partir dunha táboa de valores (exceptúase o caso das funcións afíns).*